

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E A ASOCIACIÓN DA RUTA DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA PARA A
CELEBRACIÓN DAS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NA RUTA DO VIÑO
DA RIBEIRA SACRA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra, para o apoio á celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño da Ribeira Sacra. A Asociación como entidade organizadora dos actos das Xornadas ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo.

A promoción deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- Que a Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra constituíuse en decembro de 2009, co obxectivo xeral de contribuír a través do enoturismo, ao desenvolvemento económico, social e cultural de todo o territorio da Ribeira Sacra. O seu labor resulta esencial para a promoción do enoturismo no territorio que abrangue, xa que aglutina o 100% do sector enolóxico interesado na vertente turística.

Segundo os seus estatutos, a Asociación establece o seu ámbito de acción previsto nos municipios adscritos á Denominación de Orixe Ribeira Sacra, divida en cinco subzonas, ás que pertencen os seguintes concellos: subzona de Amandi: Concellos de Sober e Monforte de Lemos; subzona de Chantada: Concellos de Portomarín, Taboada, Chantada, Carballo e A Peroxa; subzona de Quiroga-Bibei: Concellos de Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, A Pobra de Trives, Manzaneda e San Xoán de Río; subzona de Ribeiras do Miño: Concellos de Paradela, O Saviñao, Pantón, Sober e Monforte de Lemos; subzona de Ribeiras do Sil: Concellos da Teixeira, Parada de Sil, Castro Caldelas e Nogueira de Ramuín.

Son fins principais da Asociación:

- a) A orientación, xestión, promoción, comercialización e investigación relacionada coa ruta.
- b) Promover a educación do entorno e os establecementos para entrar no mercado turístico e realizar accións de apoio e comercialización.
- c) Velar polo cumprimento, por parte dos seus integrantes, dos requisitos xerais establecidos no decreto regulador das Rutas do Viño de Galicia e dos requisitos específicos que poda establecer a Ruta do Viño da Ribeira Sacra.
- d) Promover e impulsar políticas enoturísticas coordinadas no ámbito da Ribeira Sacra.
- e) Coordinar os interlocutores turísticos e vitivinícolas da Ribeira Sacra co efecto de establecer unha política de concesións en tódalas accións e promover a sensibilización respecto o enoturismo.



f) Participar na promoción e dinamización da cultura do viño no ámbito nacional e internacional.

g) Promover e xestionar a implantación e desenvolvemento dos requisitos establecidos, de xestión e contidos da calidade, para configurar o produto e un destino turístico para esta zona vitivinícola.

h) Conseguir todas aquelas distincións que poidan prestixiar o territorio da D.O.Ribeira Sacra.

Terceiro.- No actual escenario turístico estamos a vivir un gran desenvolvemento do enoturismo, no que o viaxeiro se achega ás comarcas vitivinícolas co gallo dun maior coñecemento do viño e da súa cultura ancestral, o que o leva a interesarse tamén polos recursos turísticos desa comarca. Nesta iniciativa das Xornadas anuais de portas abertas nas Rutas dos Viños de Galicia, as Asociacións das Rutas dos Viños de cada Denominación de Orixe propoñen a realización dun conxunto de actividades diversas, todas elas relacionadas coa experiencia enoturística: catas de viño comentadas, buses con guías especializados que realizan visitas ás adegas, descontos en aloxamentos, rutas monumentais, charlas en museos do viño, menús degustación con maridaxes específicas de viños, paseos en barco, monólogos humorísticos nas adegas, maxia..., un cartafol de produtos variados e novidosos que pretenden ser atractivos para os interesados. Todas estas actividades son as consideradas obxecto de financiación pública, polo interese que espertan no público obxectivo e pola importancia que supón para a Xunta de Galicia e para a Comunidade Autónoma en xeral, ao contribuír a mellorar a ocupación dos establecementos de aloxamento turístico, as empresas de restauración e o turismo en xeral nos espazos rurais.

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir coa asociación do Viño da Ribeira Sacra, coa sinatura deste convenio, que permita a consecución dos obxectivos sinalados e continúe os resultados dos convenios asinados, entre ambas as dúas partes, o 26.04.2018 de carácter plurianual (2018-2021), para o impulso do asociacionismo no sector turístico de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

